

1/293 CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA ORZAMENTO 2025; DIOCESE DE LUGO (REHABILITACIÓN CAPELA DO CARME-RESTAURACIÓN DE FACHADAS E CARPINTERÍAS EXTERIORES).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da xefa do servizo de Desenvolvemento Local do 18 de xullo de 2025, conformada polo Excmo. Sr. alcalde, na parte expositiva da cal se fai constar:

“Antecedentes:

PRIMEIRO.- O artigo 14.2 da Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo establece que “poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento Xeral Municipal, de acordo co procedemento regulado nesta ordenanza”. Así na base 24 de execución do Orzamento xeral municipal do Concello de Lugo figura nominativamente a previsión de subvencións.

SEGUNDO.- O establecido na Ordenanza Municipal de Subvencións do Concello de Lugo (BOP número 111 do 18 de maio de 2005), capítulo 2º, procedemento de concesión directa de subvencións previstas nominativamente no orzamento xeral municipal:

“Artigo 15.- Réxime.

1. As subvencións previstas nominativamente no presuposto xeral municipal rexeranse polas bases de execución do presuposto, por este capítulo e demais disposicións desta ordenanza e da Lei 38/2003, xeral de subvencións, do 17 de novembro, que lles son aplicables en canto a requisitos dos beneficiarios, obrigas destes, pagamentos, gastos subvencionables, xustificación da subvención, incumprimento e formas de reintegro, control financeiro, sancións, etc., e polo convenio a través do cal se canalizan, salvo excepcións xustificadas, que establecerán as condicións e os compromisos específicos.

2. O convenio deberá conter necesariamente:

- 1) Definición concreta e expresa do obxecto.*
- 2) Compromisos das partes.*
- 3) Documentación que deberá achegar o beneficiario, se é o caso.*
- 4) Crédito presupostario ó que se imputa a subvención.*
- 5) Gastos que se subvencionan e prazo en que deben realizarse.*
- 6) Posibilidade ou non de subcontratación da actividade subvencionada*
- 7) Posibilidade ou non de efectuar pagamentos á conta e pagamentos anticipados.*
- 8) Tanto por cento do presuposto do proxecto que deberá financiar o beneficiario, ben por financiamento propio ou a través doutras subvencións, cando se contemple esta determinación.*
- 9) Compatibilidade ou incompatibilidade da subvención.*
- 10) Forma de xustificación, prazo de presentación da correspondente documentación e aspectos que deben incluírse na memoria avaliativa da subvención.*

11) Prazo de vixencia do convenio, posibilidade de prórroga, e requisitos e condicións para que se produza.

12) De ser o caso, especificidades que supoñan excepción ás regras xerais establecidas nesta ordenanza e na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

En ditos termos se pronuncia o artigo 65.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Artigo 16.- Iniciación.

1. O procedemento para a súa concesión iniciárase de oficio, e será requisito imprescindible a previsión nominativa específica no presuposto xeral municipal a favor da persoa pública ou privada á que vai destinada a subvención.

2. A inclusión na partida orzamentaria no presuposto xeral municipal non crea dereito ningún a favor do beneficiario, ata que non fose adoptada a resolución de concesión, tras o procedemento establecido polo órgano competente. Á súa vez, o feito de que nun exercicio orzamentario estea consignada unha subvención non xera expectativas de dereito en futuras anualidades.

3. A iniciación realizarase mediante a proposta da unidade administrativa xestora.

Artigo 17.- Instrución.

1. A unidade administrativa xestora realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos cales deba ditarse a proposta de resolución. As unidades xestoras dispoñen de modelos de requirimento de documentación a presentar polas diferentes beneficiarias.

2. As actividades de instrución comprenderán necesariamente:

1) *Inclusión no procedemento do documento contable de retención do gasto polo importe máximo especificado nas bases de execución do presuposto."*

A fase de instrución estará composta así mesmo por: informe-proposta da unidade xestora que inclúa, unha vez comprobado; proxecto presentado polo representante legal da asociación, xunto co compromiso de destinar a subvención a financiación parcial das actividades propias do beneficiario. A personalidade xurídica da asociación ou entidade solicitante. Na copia dos estatutos debера figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente. Declaración responsable de non atoparse inhabilitado ou estar incurso en prohibición para acceder a condición de beneficiario de subvencións. Certificación expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Tesourería Municipal de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Cando o importe da subvención non exceda de 3.000€, non será necesario aportar certificacións, será suficiente coa declaración xurada. Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas por parte doutras entidades publicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención. Certificación bancaria que acredite o numero da conta bancaria da que a asociación e titular, orzamento de ingresos e gastos, aos efectos de comprobar

que non existe sobrefinanciamento, calquera outra que estime a unidade xestora conforme a normativa vixente.

Unha vez comprobada toda esta documentación, se a unidade xestora considera que o beneficiario reúne tódolos requisitos para acceder a subvención realizará proposta de aprobación da concesión de subvención e de aprobación do texto do convenio.

O dito informe proposta será remitido pola unidade xestora ós seguintes servizos:

- I. Servizo de Fomento*
- II. Servizo de Asesoría Xurídica*
- III. Servizo de Intervención*

Os ditos informes serán preceptivos e vinculantes emitíndose Proposta de resolución da unidade administrativa xestora competente, na que se conterá o texto do convenio e na que se recollan as consideracións postas de manifesto por ditos servizos.

Unha vez completada a instrución, someterase a proposta de resolución ao órgano competente para a súa aprobación, neste caso á Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle corresponden segundo Acordo no 40/607, de 26 de xullo de 2023, a resolución da proposta comprenderá a concesión, se é o caso, da subvención e a aprobación do texto do convenio a través do cal se articula”.

Tendo en conta:

- que no orzamento xeral municipal do ano 2025 (base de execución 24) figura a previsión de subvención nominativa a entidade Diócese de Lugo, para a rehabilitación Capela do Carmen por importe de 70.000 euros. Do mesmo xeito, no Plan Estratéxico de Subvencións 20203-2025 do Excmo. Concello de Lugo, e en concreto, para a anualidade 2025, figura a previsión de dita subvención.
- que O Concello de Lugo considera de especial interese o arranxo desta capela, que se atopa nun estado moi deteriorado, polo seu gran valor patrimonial, artístico e histórico para a cidade, xa que no seu interior se atopan interesantes obras do século XVIII e XIX que convén protexer. É importante tamén destacar o seu valor identitario e afectivo xa que a encargada do seu mantemento, a Cofradía da Virxe do Carme, é unha das máis antigas do municipio e unha das que conta con maior número de cofrades, cerca do milleiro. Así mesmo, o Concello de Lugo considera que é necesaria a súa posta en valor pola situación onde se levanta, ao estar ubicada nunha das zonas máis emblemáticas da cidade, á entrada do barrio do Carme, na que o Goberno local está desenvolvendo numerosos proxectos cara a súa recuperación como espacio de lecer para a cidadanía e como novo acceso sostible desde a trama urbana da cidade á contorna do río Miño. Hai que lembrar que a capela está construída xunto a Porta Miñá, a escasos metros dos tres

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac588999952300508515.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-7-2025

patrimonios da Humanidade que atesoura Lugo: a Muralla Romana, a Catedral e o Camiño Primitivo. Tamén está nas proximidades da Vía Romana.

- que con data 17 de xuño de 2025, a entidade presentou por Rexistro Xeral do Concello a documentación requirida para a instrución do procedemento:

1º Proxecto técnico das obras a realizar, co orzamento total de execución e desglosado por partidas.

2º A personalidade xurídica da asociación (CIF e certificado de personalidade xurídica).

3º Declaración responsable de non atoparse inhabilitado ou estar incurso en prohibición para acceder a condición de beneficiario de subvencións.

4º Certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

5º Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

6º Certificación bancaria que acredite o número da conta bancario da que a asociación e titular.

7º Orzamento de ingresos e gastos da actuación a realizar, aos efectos de comprobar que non existe sobrefinanciamento.

8º CERTIFICACIÓN CATASTRAL DO INMOBLE (titularidade rexistral e referencia catastral).

9º Nota simple do Rexistro da propiedade (da titularidade e libre de cargas e gravames)

10º Ao tratarse de obras a subvención, o seguinte:

- De conformidade co disposto no art. 31 da Lei Xeral de Subvencións, ao superar o gasto subvencionable a contía de 40.000,00€, presenta tres orzamentos:

- o Luis Villamide SLU: 108.408,96€ (presupuesto elexido mais económico)
- o A2: 114.538,25€

o Julián Rosón Arias: 118.698,18€

MOTIVACIÓN OBXECTIVA PARA OBVIAR O PROCEDEMENTO EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA:

A excepcionalidade da concorrencia competitiva da presente subvención nominativa á Diocese de Lugo para rehabilitar a Capela do Carmen, pode razoarse desde varios puntos de vista, tendo en conta os principios da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e a normativa autonómica galega aplicable.

Unha subvención nominativa recóllese directamente nos orzamentos da administración concedente, indicando expresamente o beneficiario e o obxecto da subvención. Isto xa supón unha excepción ao réxime ordinario de concorrencia competitiva, xustificada polo propio lexislador orzamentario.

Exclusividade do beneficiario: no caso da rehabilitación da Capela do Carmen pertencente á Diocese de Lugo.

- **Titularidade do ben:** A igrexa é propiedade da Diocese, ou está baixo a súa xestión. Polo tanto, **non hai outros posibles beneficiarios lexítimos** que poidan realizar a intervención sen a súa autorización.
- **Lexitimación técnica e xurídica:** Só a Diocese pode promover obras de rehabilitación neste tipo de bens e facelo conforme ao réxime canónico e patrimonial da Igrexa Católica.

Interese público e cultural:

Esta igrexas ten a consideración de ben protexido polo seu valor cultural no Catálogo do patrimonio Cultural de Galicia. A súa conservación responde a un interese público:

- A administración actúa en defensa do patrimonio histórico-artístico.
- A colaboración coa Diocese é necesaria para preservar este patrimonio, especialmente cando a Igrexa non dispón dos medios para facelo pola súa conta.

O artigo 22.2.c da Lei Xeral de Subvencións permite a concesión directa (sen concorrencia competitiva) "cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública".

Neste caso, **a singularidade do proxecto, a exclusividade do suxeito beneficiario e o interese cultural da actuación** son razóns que fundamentan a excepcionalidade.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac588999952300508515.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-7-2025

A concesión dunha subvención nominativa á Diocese de Lugo para rehabilitar a Capela do Carmen está xustificada como excepción á concorrència competitiva debido a:

- A titularidade exclusiva do ben pola Diocese.
- A imposibilidade doutros beneficiarios lexítimos.
- O interese público na conservación do patrimonio histórico.
- A previsión expresa da subvención nos orzamentos.

En consecuencia e unha vez comprobada toda a documentación presentada, dende esta unidade administrativa considérase que o beneficiario reúne todos os requisitos para acceder a esta subvención, polo que propónse a aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e a Diocese de Lugo. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente de acordo coas atribucións conferidas segundo o artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, á Xunta de Goberno Local correspóndelle “a aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións tramitadas en réxime de concorrència competitiva e convenios reguladores das subvencións nominativas e aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións.”

Visto o informe favorable do Servizo de Fomento de data 13 de xullo de 2025.

Visto o informe favorable da Asesoría Xurídica de data 16 de xullo de 2025.

Visto o informe favorable da Intervención municipal de data 18 de xullo de 2025.

Documento contable de retención de crédito de data 26/06/2025 (RC. 2025/43088) na aplicación orzamentaria 33600.78900, por importe de 70.000€.”

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a autorización e disposición do gasto, dunha subvención nominativa, por importe de 70.000€ a favor da DIÓCESE DE LUGO - CIF R2700002E, e con cargo á aplicación orzamentaria 33600.78900 do vixente presuposto municipal (RC.2025/43088 de 26 de xuño)

SEGUNDO.- Aprobar o texto do convenio regulador da dita subvención nominativa:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A DIÓCESE DE LUGO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA

FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE: "REHABILITACIÓN DA CAPELA DO CARMEN" DURANTE O EXERCICIO 2025

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe

REUNIDOS

Dunha banda o Tenente de Alcalde Delegado da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Tenente de Alcalde Delegado da Área referida.

E doutra banda D. Miguel A. Gómez Vázquez, con NIF 33843841P, na súa calidade de representante legal da entidade DIOCESE DE LUGO (CIF R2700002E).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que na lexislación básica do Estado de réxime local (artigos. 25, 26 e 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local), establece competencias para os Concellos nas seguintes materias:

"Artículo 25.

1. El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en este artículo.

2. El Municipio ejercerá en todo caso como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:

....

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques y jardines públicos, gestión de los residuos sólidos urbanos y protección contra la contaminación acústica, lumínica y atmosférica en las zonas urbanas.

...e) Evaluación e información de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios.

...

h) Información y promoción de la actividad turística de interés y ámbito local.

i) Ferias, abastos, mercados, lonjas y comercio ambulante.

...

l) Promoción del deporte e instalaciones deportivas y de ocupación del tiempo libre.

m) Promoción de la cultura y equipamientos culturales.

n) Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial.

ñ) Promoción en su término municipal de la participación de los ciudadanos en el uso eficiente y sostenible de las tecnologías de la información y las comunicaciones.

o) Actuaciones en la promoción de la igualdad entre hombres y mujeres así como contra la violencia de género."

Así mesmo no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE numero 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade DIOCESE DE LUGO no exercicio da súa capacidade e competencia, presenta un proxecto relativo a REHABILITACIÓN DA CAPELA DO CARMEN (Restauración de fachadas e carpinterías exteriores). Que a referida Entidade é titular rexistral do inmovible situado na Rúa do Carmé Nº 1. C.P.27004, con referencia catastral 7331109PH1673S0001PX, o que se acredita mediante Certificación Catastral, da Dirección General del Catastro. Correspóndese co número de Leira Rexistral 73311-09 de Lugo, cunha superficie de 320 m. Cuadrados. O devandito inmovible figura neste certificado como 100 % propiedade da Diocese de Lugo co CIF.- R2700002E. Este inmovible está libre de cargas e gravames, o que se acredita mediante nota simple do Rexistro da Propiedade.

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e promover a consecución de fins de interese públicos. Que O Concello de Lugo considera de especial interese o arranxo desta capela, que se atopa nun estado moi deteriorado, polo seu gran valor patrimonial, artístico e histórico para a cidade, xa que no seu interior se atopan interesantes obras do século XVIII e XIX que convén protexer. É importante tamén destacar o seu valor identitario e afectivo xa que a encargada do seu mantemento, a Cofradía da Virxe do Carme, é unha das máis antigas do municipio e unha das que conta con maior número de cofrades, cerca do milleiro. Así mesmo, o Concello

de Lugo considera que é necesaria a súa posta en valor pola situación onde se levanta, ao estar ubicada nunha das zonas máis emblemáticas da cidade, á entrada do barrio do Carme, na que o Goberno local está desenvolvendo numerosos proxectos cara a súa recuperación como espacio de lecer para a cidadanía e como novo acceso sostible desde a trama urbana da cidade á contorna do río Miño. Hai que lembrar que a capela está construída xunto a Porta Miñá, a escasos metros dos tres patrimonios da Humanidade que atesoura Lugo: a Muralla Romana, a Catedral e o Camiño Primitivo. Tamén está nas proximidades da Vía Romana.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto "REHABILITACIÓN DA CAPELA DO CARMEN (Restauración de fachadas e carpinterías exteriores)",

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio, ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto "REHABILITACIÓN DA CAPELA DO CARMEN (Restauración de fachadas e carpinterías exteriores)", por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigos. 25, 26 e 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local). O ben inmovible obxecto da actuación está situado na Rúa do Carmé, Nº 1. C.P. 27004, con referencia catastral 7331109PH1673S0001PX, e número de Leira Rexistral 73311-09 de Lugo. O custo derivado da execución da actuación, "REHABILITACIÓN DA CAPELA DO CARMEN (Restauración de fachadas e carpinterías exteriores)", sen ter en conta os honorarios de profesionais, ascende a 108.408,96€ (Iva incluído), conforme se definen na Memoria- Proxecto elaborado pola arquitecta Luisa Serrano García, en decembro 2024, por un orzamento total de execución por contrata, ascendente a 137.897,20€ e conforme a oferta presentada pola mercantil adxudicataria, Luis Vilamide, S.L.U., por importe de 108.408,96 e de acordo ao seguinte desglose:

VILLAMIDE CONSTRUCCIÓN:

Folla resumo fachadas Igrexa do Carme:

Promotor: DIOCESE DE LUGO

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac588999952300508515.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-7-2025

Situación: O Carme. Lugo

Data: 28 de febreiro de 2025

Descrición:	IMPORTE
Cap.01 ACTUACIÓN SPREVIAS.....	14.093,47 €
Cap.02 FACHADAS.....	58.715,93€
Cap.03 XESTIÓN DE RESIDUOS.....	1.071€
Cap.04 SEGURIDADE E SAUDE.....	1.408,83
- Importe de execución material.....	75.289,23€
Gastos xerais ao 13%.....	9.787,60€
Beneficio Industrial ao 6%.....	4.517,35€
Base Imponible.....	89.594,18€
IVE ao 21%.....	18.814,78€
TOTAL:	108.408,96€

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- *Achegar a cantidade de 70.000€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.*

A entidade DIOCESE DE LUGO comprométese a :

- *Achegar a cantidade de 34.408,96€ para o financiamento das actividades obxecto deste convenio.*
- *Realizar a actividade: proxecto "REHABILITACIÓN DA CAPELA DO CARMEN (Restauración de fachadas e carpinterías exteriores)", na que o Concello figurará como colaborador.*
- *Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.*

- *Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).*
- *Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.*
- *Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.*
- *Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.*
- *Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.*
- *Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.*
- *De conformidade co disposto no art. 31 da Lei Xeral de Subvencións, ao superar o gasto subvencionable a contía de 40.000,00 € (importe máximo do contrato menor de obras) a Entidade Beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación de compromiso para a obra. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. O provedor elixido deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais, tributarias e laborais co Concello de Lugo, Administración Estatal e Autonómica, e non debe estar incurso en prohibición de contratar conforme á normativa xeral de contratación pública.*
- *O ben inmobile obxecto da rehabilitación deberá destinarse durante un período de tempo non inferior a cinco anos contados desde a finalización das obras, aos mesmos fins que se utilizan actualmente. O incumprimento da obriga de destino referida no parágrafo anterior, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no capítulo II do título II da Lei Xeral de Subvencións, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título ou en establecemen-*

to mercantil ou industrial, en caso de bens mobles non inscribibles. Si o alleamento fose autorizada pola Administración, o adquirente asumirá a obriga de destino dos bens polo período restante e, en caso de incumprimento da mesma, do reintegro da subvención.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2025 a cantidade de 70.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 33600.78900 (Arqueoloxía e Protección do Patrimonio Histórico-Artístico).

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

*Serán subvencionables ao abeiro do presente convenio, aqueles gastos que se deriven da execución do proxecto subvencionado (**PROXECTO DE RESTAURACIÓN DE FACHADAS E CARPINTERÍAS EXTERIORES – CAPELA DO CARMEN**), ademais dos ligados á execución estricta das obras proxectadas.*

Ao tratarse de gastos de investimento na rehabilitación e mellora dun ben inventariable, seguiranse as regras previstas nos apartados 4 e 5 do artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións.

O ben inmovible rehabilitado ou mellorado deberá destinarse ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, por un prazo non inferior a cinco anos, ao tratarse neste caso dun ben inscribible nun rexistro público.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de distintos provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado un número suficiente de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á concesión da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación ou, se é o caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.25 ó 31.12.25.

Con carácter xeral, a suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 90% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades

públicas ou privadas para a mesma actividade as persoas beneficiarias deberán xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria. Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da acción para a que se solicita a subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 10 % restante é de obrigada asunción pola entidade, e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Da cordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

A entidade beneficiaria queda obrigada á remisión ao Concello, da documentación que acredite a aplicación da subvención aos fins para os que foi concedida a través do presente convenio, a realizar mediante a presentación da seguinte documentación:

1. A Xustificación técnica.

Deberase achegar unha memoria de actuación xustificativa das actuacións obxecto deste Convenio, incluíndo un informe da Dirección Facultativa das obras sobre o desenvolvemento das mesmas, relacionándoo co proxecto que serviu de base para a firma deste Convenio.

2. A Xustificación Económica.

A xustificación económica realizarase, a través da conta xustificativa de gastos, segundo o seguinte:

- Todos os gastos xustificaranse mediante a presentación de factura normalizada onde deberá apuntarse o nome, domicilio e razón social do perceptor, con indicación do CIF, debendo presentarse a factura selada e asinada pola empresa, acompañada da correspondente certificación de obra.

- A xustificación destes gastos presentarase, ao Concello de Lugo, que, unha vez conformada procederá ao seu arquivo, quedando a disposición da Intervención xeral, para o caso de que sexa seleccionada como mostra representativa ou se atope afectada por auditoría dentro o Plan de Fiscalización Plena Posterior e Control Financeiro de Gastos.

O incumprimento do deber de xustificación, nas condicións descritas na presente cláusula, dará lugar, de conformidade co contemplado no art. 30.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións á obriga de reintegro das cantidades percibidas.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2026.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación; pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A

presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.*
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.*

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2026, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores

nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2025.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

Non cabe a modificación do convenio que implique alteración das obrigas esenciais asumidas polas partes. Calquera outra se adoptará, en todo caso, por mutuo acordo das partes e reflectirase na correspondente adenda.

Non entanto, o anterior, se circunstancias sobrevidas non previstas inicialmente levasen a necesidade de acordar unha modificación substancial do convenio, requirirá da tramitación do correspondente expediente administrativo, debendo reunir os mesmos requisitos esixidos na tramitación do expediente inicial, sen que poida prexudicar os dereitos de terceiros recoñecidos con anterioridade á modificación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo polo Concelleiro Delegado da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.*
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.*

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- *O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.*
- *A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.*
- *A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.*

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa."

TERCEIRO.- Proceder á publicación deste acordo, no seu caso, de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o contemplado no Título II da lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

CUARTO.- Notifíquese a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac588999952300508515.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-7-2025

interpoñer os seguintes recursos: Contencioso-administrativo, ante o xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1988 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo). Non obstante o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992 do 26 de novembro no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto. Sen prexuízo de que poida vostede interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.